

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CULTURA E EDUCACIÓN PROMOVE ESPAZOS DE INTERCAMBIO E REFLEXIÓN SOBRE AS ARTES VIVAS MEDIANTE O SEU APOIO AO PROXECTO MOV-S

- *Máis de 40 profesionais nacionais e internacionais reúnen en San Simón do 11 ao 13 de marzo para abordar novas formas de articulación nas prácticas artísticas*
- *Galicia acolle o primeiro seminario deste proxecto promovido polo Mercat de les Flors, que ten como obxectivo favorecer pontes de unión e intercambio entre artistas e organizacións de danza e artes do movemento*

**Santiago, 10 de marzo de 2014.-** A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promove espazos de intercambio e reflexión arredor das artes vivas co seu apoio ao proxecto MOV-S 2014, que no seu primeiro seminario reunirá na Illa de San Simón, entre o 11 e o 13 de marzo, un total de 43 profesionais para abordaren xuntos novas formas de articular nas prácticas artísticas.

‘Programación Expandida. Articulación’ é o título do primeiro dos encontros previstos por MOV-S, un proxecto nómade de pensamento e acción colectiva sobre políticas do corpo promovido polo Mercat de les Flors, que na súa quinta edición se desenvolverá de xeito itinerante a través de varios territorios iberoamericanos ao longo de dous anos.

O percorrido comeza mañá en Galicia baixo a dirección de Natalia Balseiro, que compartiu co secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, os principais obxectivos do proxecto MOV-S, así como o proceso de traballo que se levará a cabo na Illa de San Simón, nun encontro que tivo lugar esta mañá en Santiago de Compostela. Durante tres días, artistas, produtores, críticos, programadores e responsables de circuítos e institucións públicas, tanto locais, como nacionais e internacionais, abordarán en San Simón un proceso colectivo no que as tecnoloxías do encontro constituirán un tema transversal para o debate e a reflexión.

#### **Programación expandida**

Tamén se tratará a programación expandida desde a perspectiva de como abordar os programas artísticos, que dispositivos artísticos se programan, onde e quen o fai, así como as relacións que se establecen coas comunidades e os contextos nos que se operan. O obxectivo é iniciar unha reflexión sobre como operar vinculando mediadores e artistas, de xeito máis estable, ás estruturas públicas de programación e ofrecendo contextos flexibles que sirvan para propor todo tipo de dispositivos artísticos derivados das prácticas artísticas actuais de modo normalizado dentro dos programas públicos.

#### **Compartir información e recursos**

O espazo gastronómico será outro dos puntos do programa, a través do que se pretende favorecer a conversa entre artistas, programadores e comunicadores para compartir proxectos presentes e inquietudes futuras. Compartir información e recursos tamén é o obxectivo do xantar conversado, un espazo no que charlar sobre os contextos nos que se opera, as súas características e as súas virtudes.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o papel dos museos nas artes vivas será o punto de partida para reflexionar sobre cal é a función que os museos e os centros de arte deben asumir en relación ao patrimonio e tamén ás artes vivas.

### **Relevancia, visibilidade e invisibilidade**

Ademais, o seminario de Galicia abordará o xeito no que poden incidir na visibilidade, invisibilidade e transcendencia das prácticas artísticas actuais aqueles proxectos de rede e comunicación dixital cun claro posicionamento político e un compromiso coa cultura, para o que se analizarán proxectos como Rede Nasa, Tea-tron, Galiza Ano Cero, Atlántida TV, Magazine Cultural Galego, CUAC FM e Luzes.

Os temas estratéxicos que se propoñen –a programación expandida, o papel dos museos e as tecnoloxías do encontro– serán de base para que os participantes no seminario redacten tres manifestos, que se farán públicos e servirán como ferramenta para desenvolver e propoñer prácticas reais de interinstitucionalidade entre as estruturas públicas e os artistas e mediadores no segundo encontro MOV-S, que terá lugar en Bilbao do 29 ao 31 de maio.

O programa do seminario en San Simón é froito dun proceso colectivo de traballo previo, desenvolvido en Casa Tomada, na Coruña, durante dous meses de traballo, por Javier Martín, Cristina Balboa, Estevo Creus, Horacio González, Laura Villaverde, José Manuel Tubío, Roberto Abuín, Rafa Xaneiro, Xesús Ron, Claudia Delso, Xoán Mosquera, Ana Montes, Natalia Balseiro, Caterina Varela, Ánxela Blanco, Carol Fernández, Blanca Blanco, Marta Alonso e Begoña Cuquejo.

### **Illa do Pensamento**

A vinculación de Galicia co MOV-S iníciase na segunda edición do proxecto, en 2008. A comunidade galega acolleu ese ano a realización desta iniciativa, baixo o título 'As condicións para a creación coreográfica'. Organizado polo Centro Coreográfico Galego e o Mercat de les Flors, o programa incluíu nesa ocasión conferencias en sesión plenaria, grupos de traballo, presentacións de proxectos e espectáculos artísticos.

Galicia volve ser o escenario deste proxecto, nesta ocasión no marco incomparable que ofrece a Illa de San Simón, o que permitirá continuar consolidando este espazo como referente cultural e social e seguir potenciando o desenvolvendo do proxecto Illa do Pensamento.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela  
981 957 350 / 981 544 490 - Fax: 981 544 496  
Enderezo-e: [prensa.cultura.educacion@xunta.es](mailto:prensa.cultura.educacion@xunta.es)



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"